

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Nomeamento en relación co proceso selectivo da cobertura definitiva, en propiedade, mediante o sistema de oposición libre dunha praza dirección-asesoramento psicolóxico CIM

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO D^a ALVA VARELA TATO PRAZA PROCESO SELECTIVO COBERTURA DEFINITIVA, EN PROPIEDAD, MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE DUNHA PRAZA DIRECCIÓN-ASESORAMENTO PSICOLÓXICO CIM.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000044

ANTECEDENTES:

EXPDTE: 2024/E001/000005

Bases da convocatoria para a cobertura definitiva, en propiedade, mediante sistema de oposición libre dunha praza Dirección-Asesoramento Psicolóxico CIM (BOP nº 63 do 1 de abril de 2024)

Considerando que con data 08/01/2025 publícase a “Acta VIII Puntuacións finais e proposta definitiva de selección. Praza dirección CIM” que recolle a lista definitiva de puntuación, proposta de nomeamento da candidata de maior puntuación e requirimento de documentación ao candidato/a proposto para que aporte a documentación establecida nas bases da convocatoria.

Visto o informe de fiscalización da intervención municipal de data 20/01/2025 co asunto: Contratación cobertura definitiva da praza dirección-asesoramento psicolóxico CIM.

Visto o informe do departamento de recursos humanos de data 27/01/2025 indicando que a documentación aportada pola aspirante proposta é conforme coa requirida nas bases da convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Nomear a ALVA VARELA TATO (DNI ***9062**), para ocupar unha praza de Dirección - Asesoramento Psicolóxico CIM (RPT. BOP 16 de marzo de 2021. Posto 05.03.01).

SEGUNDO.-Advertir que a aspirante nomeada que deberá tomar posesión no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, que será obxecto de publicación no BOP, de non facelo sen mediar causa xustificada, será declarado en situación de cesante e decaído no seu dereito ao nomeamento.

TERCEIRO.-Notificar á interesada coa indicación expresa de que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnalas directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015.

CUARTO.-Dar traslado os Departamentos de Intervención, Tesourería e RRHH os efectos oportunos.

QUINTO.- Conforme a Base Décimo Primeira que rexe o proceso selectivo, **proceder** a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica deste organismo.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 27 de xaneiro de 2025.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]